




FERVENZAS DO MADEO (ARANGA)

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 12 km (Mandeo) + 8 km (Cambás-Palanca)



Dificultade: media

Duración: 6-7 horas


Propoñemos dúas rutas con concello de Aranga (A Coruña) na vertente oeste das serras da Dorsal Galega, polo río Mandeo e o seu afluente Cambás que escavan profundos vales nos que abundan as fervezas e nos que se conservan boas mostras de bosques naturais onde dominan os carballos acompañados de especies de ribeira e unha boa representación de especies de sotobosque. O Mandeo, no concello de Aranga está protexido como LIC desde a confluencia do Cambás (Ponte Aranga). Varias rutas sinalizadas polo concello permiten percorrer estes ríos e a fraga das Barbudas.

1-Canón do Mandeo

Na parroquia de Vilarraso (Aranga). O río Mandeo á altura da Castellana encáixase nun canón en rochas graníticas facendo unha combinación de rápidos, fervezas e grandes pozas. A de máis altura é a do pozo da Xesta, de entre 6 e 8 m. O caudal do río está moi diminuído polo encoro que se atopa un pouco máis arriba. Neste tramo recibe ao rego de Portorosa ou Piogueira que cae no Mandeo por unha estreita gorxa duns 50 m de altura na que hai varios saltos, o máis grande ten uns 20 m. **COMO CHEGAR:** Na estrada A Coruña-Lugo, na localidade da Castellana, cóllese a estrada antiga e xusto antes da ponte vella cóllese o desvío que conduce ao encoro. Seguindo a canle da central que vai paralela ao río vese o canón do Mandeo e varias fervezas, rápidos e pozas. Pódese baixar ata preto do río con coidado, tendo en conta que pode haber subidas de caudal debido á central eléctrica. Despois de percorridos tres quilómetros, xusto a carón dun paso que cruza sobre a canle, vese unha estreita gorxa na outra banda do canón, por onde desemboca o rego de Portorosa. Se queremos achegarnos ao río e ver a ferveza temos que arriscarnos e baixar por un carreiro moi estreito e de fortísima pendente (unha boa media hora), pero paga a pena. Desde este punto podemos dar a volta porque no resto do camiño non hai tan boas vistas. O percorrido completo ata o remate da canle son 6 km.



Pozo da Xesta (río Mandeo na Castellana)




Ferveza na desembocadura do rego de Portorosa ou Piogueira no canón do Mandeo.



Confluencia do Cambás co Mandeo en Aranga.



Fervenza no canón do río Mandeo na Castellana




Fervenza no rego de Palanca, nas proximidades do Couce.


2-Val do Cambás e rego de Palanca

Un percorrido por un pequeno tramo do Mandeo e ao longo do seu afluente o Cambás para visitar varias fervenzas, a fraga das Barbudas e varios muíños.

COMO CHEGAR: Seguindo a ruta de sendeirismo nº 2 do concello de Aranga. Pódese iniciar desde Ponte Aranga (segundo un tramo do río Mandeo) ou desde a estrada de Ponte Aranga á N VI no punto onde se xuntan o Cambás e o Mandeo, sinalado cun cartel que indica Ponte Rodicio. O primeiro tramo do camiño segue o Cambás desde a confluencia co Mandeo ata a confluencia co rego de Palanca, onde podemos ver uns muíños e as primeiras fervenzas. Alí podemos seguir polo rego da Loba uns 300 m ata chegar ao Pozo de Castro Rodicio, unha fermosa fervenza que cae nunha ampla poza rodeada dun ben conservado bosque autóctono. Volvendo atrás remontamos o rego de Palanca atravesando a fraga nunha acolledora paraxe de bosque e atopamos a fervenza máis grande que salva un desnivel duns 30 m en neis. A caída principal ten 20 m de altura. Augas arriba da fervenza grande atópase o atranco da antiga minicentral e unha pequena fervenza duns 5 m de altura. Se continuamos a ruta podemos chegar ata O Couce, punto onde se volve polo mesmo camiño (a ruta completa dura unhas catro horas). Tamén se pode enlazar coa que vai pola serra da Loba. Hai a posibilidade de facer a ruta desde Couce (na estrada que vai da N VI a Cambás), seguindo río abaixo ou pola a estrada a Barreiro e Carballal desde a ponte que cruza o río desde a minicentral.




Fervenza no rego de Palanca, no interior da fraga das Barbudas.



O rego de Palanca no interior da fraga das Barbudas.



Pozo do Castro Rodicio. No rego da Loba ou Ponte das Ovellas (Mandeo), na parroquia de Cambás (Aranga). O río, moi diminuído polo encoro que hai máis arriba, salva un desnivel de máis de 20 m en varios saltos e forma un pozo circular moi profundo.



Fervenza na ruta do Cambás.

O río Cambás nace entre a Serra da Loba e o Cordal de Montouto, e xúntase co Mandeo en Ponte Aranga. O seu principal afluente é o rego de Palanca que nace no Cordal de Montouto. Nos vales destes dous ríos consérvase a fraga das Barbudas, un bosque autóctono que se pode percorrer cun itinerario que pasa por antigas instalacións de centrais eléctricas e varios muíños e fervenzas.



Os fentos da beira do río despregan as súas frondes na primavera.



Encoro no rego de Cambás no Barranco da Loba.